

"MARES DE CEDEIRA"

*Unha vindicación da imaxe fotográfica como
caixa forte da memoria colectiva dunha
comunidade*

Biblioteca Escolar "Carlos Labraña".

Equipo de dinamización da lingua galega.

Equipo de dinamización de TIC.

CEIP "Nicolás del Río". Cedeira.CURSO 2016/2017

ÍNDICE

- A. **INTRODUCCIÓN**
- B. **OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS**
- C. **BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**
- D. **DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E O ALUMNADO**
- E. **RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO**
- F. **RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN**
- G. **IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO.**
- H. **DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**
- I. **AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.**



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia



A- INTRODUCCIÓN:


O proxecto “Mares de Cedeira” implicou a todo o alumnado do centro. O traballo xurde enmarcado no currículo cedeirés que propón a biblioteca escolar “Carlos Labraña” coa idea de que o alumnado parta sempre do máis próximo na construción das aprendizaxes.

Fundaméntase nunha metodoloxía activa de aprendizaxe baseada en proxectos. A partir das ideas previas e axudados por distintas fontes de información, mediante a aprendizaxe cooperativa, vaise desenvolvendo o tema.

“Mares de Cedeira” é un proxecto que pode estar perfectamente dividido en dúas fases e así nos referiremos a el ao longo de todo o documento. A primeira parte baséase nunha mostra fotográfica (co traballo de investigación que isto precisa) na que participou todo o alumnado do centro. A que se citará como segunda parte, e completa o proxecto, é o grupo de actividades realizadas por unha aula de sexto curso de educación infantil e as realizadas por un grupo de segundo curso de educación primaria.

Preséntase como xustificación a Táboa 1 na que aparecen reflectidos aqueles elementos do currículo comúns a todos os cursos. A través do enlace que se presenta, pode accederse á concreción curricular detallada e estruturada por niveis (Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia).

<https://drive.google.com/file/d/0B0Faz31W1etWc3NDZXNSR21KVzg/view?usp=sharing>



TÁBOA 1: RESUMO DA CONCRECIÓN CURRICULAR


ACTIVIDADE	ÁREA	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE
SELECCIÓN DAS FONTES E DA INFORMA-CIÓN	CIENCIAS SOCIAIS	Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analízala, organízala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.	Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organízala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	CAA CCL CD CMCCT
RECOLLIDA DE DATOS	LINGUA GALEGA	Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.	Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	CCL CAA CSIEE
POSTA EN COMÚN DE FORMA ORAL	LINGUA GALEGA	Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).	Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.	CCL CSIEE CAA
ELABORA-CIÓN DOS ARQUIVOS	LINGUA GALEGA	Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.	Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	CCL CD CAA CSIEE
ELABORA-CIÓN DOS ARQUIVOS	CIENCIAS SOCIAIS	Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.	Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA
VISITA AO MUSEO	CIENCIAS SOCIAIS	Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce.	Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.	Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.	CSC CCEC

B- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

Unha investigación de carácter etnográfico coa que os nenos e as nenas recoñezan que “o mundo do mar” foi un dos motores que moveron a vida da nosa localidade, e que a día de hoxe segue sendo unha fonte de recursos, malia as mudanzas que o pasar do tempo ocasionou. Pártese da vindicación da imaxe fotográfica como caixa forte da memoria colectiva dunha comunidade.

C- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA


Baixo o nome **“Salseiro de recordos”**, traballo coordinado polo Equipo de Biblioteca e feito en conxunto co Equipo de dinamización da lingua galega, o Equipo de Tic’s e o Museo do mar de Cedeira, artéllase unha exposición fotográfica na que participou todo o alumnado da escola, as familias, a comunidade educativa e distintos axentes sociais. Coa idea de levar a cabo un traballo de etnografía, de investigación, de traballo da lingua oral e escrita, de emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación, e no que o alumnado fora parte en primeira persoa, propónse nada máis empezar o curso a primeira parte do proxecto: a recollida de información. Envíase unha carta ás familias coa intención de recompilar as fotografías que conteñen a memoria gráfica mariñeira cedeiresa. Cada un dos sobres enviados que haberían de conter as imaxes, levaba unha carta dirixida ás familias, onde se explicaba a intención, se solicitaba a participación e ao mesmo tempo, contiña unha ficha de datos onde tomar os apuntes necesarios que completarían a información visual.



Os nenos e as nenas recompilaron nos seus fogares e no seu entorno o material e a información que concretaba cada unha daquelas instantáneas; un traballo de investigación que non recoñecían como tal cando se lles presentou a actividade na escola. Unha vez feito isto, achegaron esa documentación aos titores e titoras onde houbo ocasión de compartir cos compañeiros e compañeiras a información que traían facendo pequenas exposicións orais nos seus grupos de clase.

Para poder empregar as imaxes tanto dixitalmente como na hora de dar forma á mostra, realizouse un traballo de fotografía no que cada un dos documentos impresos pasou a ser un arquivo dixital. Que dúbida cabe que gran parte deles, unha vez adquiriron formato dixital, recibiron un traballo de retoque fotográfico. Agardamos que se houbera outra ocasión de similares características, o traballo poida ser realizado polos nenos e nenas, coas indicacións necesarias.

Coas imaxes resultantes deste proceso e a ficha de datos de cada unha delas, os nenos e nenas de cuarto e sexto curso de educación primaria, na materia de libre configuración “Aprender a investigar”, crearon os arquivos que habían ser impresos para compoñer a exposición fotográfica.





Unha vez feito isto, quedaba simplemente imprimir e dar forma. As impresións foron colocadas en soportes de cartón pluma, e a todo iso engadiuse un texto como introdución, obra de Rafael López Loureiro, mestre xubilado do CEIP “Nicolás del Río”.

Unha vez artellado, os responsables do Museo do mar colocaron nas súas dependencias o material, pendurado coma se de un palangrillo se tratara, lembrando as artes de pesca e dándolle un verdadeiro sentir mariñeiro ao traballo.

Á exposición de fotos impresas engadiuse unha montaxe de vídeo na que aparecían as fotografías máis antigas, que pasou a formar parte do “*Salseiro de recordos*”, xa que foi proxectado durante todas as xornadas nunha pantalla dixital portátil que o centro cedeu durante o tempo que a exposición estivo aberta ao público.

Con esta actividade implicouse a toda a comunidade educativa, e máis aínda a diversos axentes sociais que dalgún xeito puxeron a súa parte para que este traballo saíra adiante.

Feito isto, enviábase outra carta ás familias, desta volta agradecendo a colaboración na actividade e informando da data de apertura da exposición ao público.



A actividade foi organizada durante todo o primeiro trimestre do curso escolar, e a exposición abriuse ao público no tempo de Nadal, de xeito que todo o que quixo puido ir ollar unha exposición gráfica na que se contemplaba unha parte importante da vida da nosa vila: "o mundo do mar".

O tempo de permanencia nas dependencias do Museo do mar alongouse, por petición dos visitantes, e unha vez pechada a exposición, foi trasladada ao corredor da escola onde os nenos e nenas a tiveron máis preto para poder acceder a ela, e levar a cabo os proxectos de traballo propostos en distintos niveles educativos: 6º curso de educación infantil e segundo de educación primaria. No caso do alumnado de educación infantil, os nenos e nenas servíronse da exposición para todo o referido aos oficios do mar, os animais que viven nel, o paso do tempo etc. No segundo curso de educación primaria, afondando no tema dos oficios, fixéronse entrevistas a mariñeiros e redeiras que formaron parte en primeira persoa da exposición. En ambos os dous cursos as visitas ao museo axudaron aos nenos e nenas a aprender de onde veñen, amosáronlles o reflexo dun pobo mariñeiro que quere contar a súa historia. Antes do remate da exposición no Museo do mar, os responsables da Asociación "Mares de Cedeira. Museo", ofreceron unha visita guiada para os escolares. Foi así como todo o alumnado de educación primaria do CEIP "Nicolás del Río" realizou a súa correspondente saída didáctica na segunda semana do mes de febreiro.

D- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E O ALUMNADO

Primeira parte do proxecto

- Carta contextualizando o traballo e na que se convida a participar (a mesma para o profesorado e para as familias).
- Indicacións para aportar documentos gráficos e etnográficos á actividade (documento adxunto á carta de presentación, igual para o profesorado e para as familias).
- Ficha de recollida de datos onde o alumnado, nos seus fogares, escribiría a información que se aportaba sobre as fotografías (data, nome das persoas que están fotografadas, curiosidades, idade dos informantes...).
- Sobres impresos coa fotografía que había de servir de base para distintos documentos, e que era asemade exemplo de material que podía achegarse.
- Carteis publicitarios do lugar no que estaría sita a exposición, o calendario e o horario de apertura ao público.
- Carta de agradecemento.
- Dípticos que estiveron a disposición do profesorado, das familias, e do público en xeral (foron levados á oficina de turismo e mesmo repartidos por distintos establecementos da vila).
- Libro de actas no que tanto o profesorado coma calquera que foi visitar a mostra fotográfica puido anotar a súa opinión, explicación ou corrección que considerase oportuna.
- Vídeo no que se recompilaron as imaxes máis antigas.
- Texto sobre tratamento da información e Competencia Dixital de M^a Olga Rodríguez Díaz.

Segunda parte

- Soportes gráficos para o traballo escrito realizado na aula.
- “Libreta mareira”, caderno científico-infantil do museo “Mares de Cedeira” para a saída didáctica.
- Apuntes con recomendacións musicais, literarias, sobre aplicacións para descargar en móbiles e tabletas que os nenos e nenas levaron ás súas familias.
- Xogo de cartas de memoria con imaxes do “Mar de Cedeira”.
- Carta para convidar ás familias a participar na saída extraescolar que se fixo ao porto pesqueiro, con intención de completar unha das actividades iniciadas na aula (enviar unha botella con unha mensaxe ao mar, a bordo dun barco pesqueiro cedeirés).

E- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

Primeira parte do proxecto

- Actividade previa na que se investiga sobre os coñecementos previos do alumnado no que se refire a aprender a investigar e á maneira de levar a cabo unha actividade como a que se presenta: unha exposición fotográfica. Emprégase neste caso a estrutura de aprendizaxe cooperativa do folio xiratorio, onde cada un dos participantes realiza a súa achega escrita nun mesmo folio e por quendas. Cursos que realizaron a actividade: cuarto e de sexto curso de educación primaria.



- Selección de imaxes coas súas familias, entrevistas, e recollida da información que terían que cubrir nas fichas de datos de cada unha das fotografías. Traballo de selección de información e de redacción. Cursos que realizaron a actividade: todo o alumnado do centro a excepción de educación infantil e primeiro curso de educación primaria, nos que as fichas foron cubertas na súa maioría polas familias.
- Exposición oral na aula sobre o material que aportaba cada un dos participantes á exposición. Cursos que realizaron a actividade: todos os cursos de educación infantil e de educación primaria, adaptando en cada caso o traballo á idade do alumnado.
- Elaboración dos arquivos que compoñen a exposición, documentos que constaban de unha imaxe e un pé de foto. A información que aparece nos pés de foto é á súa vez unha composición de texto que formaron cos datos que aparecían nas fichas de recollida. Para isto empregouse o procesador de textos. Cursos que realizaron a actividade: cuarto e sexto curso de educación primaria.

- Envío dos arquivos ao profesorado a través da aula virtual, e así poder ser corrixidos, ou impresos directamente no caso de estar o traballo ben realizado. Actividade realizada polo alumnado de sexto curso de educación primaria (ABALAR).
- Visita ao museo. Cursos que realizaron a actividade: todos os cursos de educación primaria.



Segunda parte do proxecto

- Recollida de información no ámbito familiar e posterior exposición oral na aula diante dos seus compañeiros e compañeiras. Alumnado de sexto curso de educación infantil e de segundo curso de educación primaria.
- Deseño das entrevistas que habían de ser feitas a cada unha das persoas que traballan en oficios escollidos relacionados co mundo do mar. Neste caso un mariñeiro (xubilado e responsable a día de hoxe do museo "Mares de Cedeira") e unha redeira. Alumnado de segundo curso de educación primaria.
- Análise na aula da información obtida en cada unha das entrevistas. Alumnado de segundo curso de educación primaria.
- Traballo na aula que ten que ver cos xogos, actividades orais e tamén coas actividades gráficas que os nenos e nenas levaron a finais de curso aos seus fogares, todos eles recollidos nun libro de lapelas ("Lapbook"). Alumnado de sexto curso de educación infantil.
- Actividades complementarias e extraescolares:
Realizadas polo alumnado de sexto curso de educación infantil

- Xogos- baile. Canción do caranguexo (segundo o baile de Mercedes Prieto, licenciada en Danza pola facultade de motricidade humana de Lisboa, especialidade de Pedagogía da Danza, e onde colabora na post-graduación de “Dança en contextos educativos”).
- Saída didáctica ao Museo do mar de Cedeira
- Saída didáctica ao areal da Magdalena de Cedeira
- Actividade extraescolar no peirao de Cedeira, para ver a partida do barco que completou a actividade de envío de mensaxes en botellas. Participaron as familias, un dos responsables da asociación “Mares de Cedeira. Museo”, e o patrón e a tripulación do Fresán.



Realizada polo alumnado de segundo curso de educación primaria

- Visita ao museo “Mares de Cedeira” para realizar a entrevista ao mariñeiro.
- Visita ao local onde as redeiras traballan na composición das redes.
- Elaboración de esquemas sobre o traballo e os seus sectores.



“Mares de Cedeira”. IV Concurso de Traballos por Proxectos. Curso 2016/2017.

F- RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Primeira parte do proxecto

Fontes:

- Fotografías.
- Fontes orais.
- Bibliografía: Xavier Rodríguez Vergara. Léxico mariñeiro de Cedeira. Edicións Embora. 2014.

Recursos:

- Espazos: aulas ordinarias, biblioteca, aula de informática, Museo do mar.
- Humanos: profesorado, familias, comunidade educativa e xentes do mar.
- Materiais:
 - o material funxible
 - o Impresora
- Informáticos e dixitais:
 - o Ordenadores de aula (ABALAR)
 - o Aula virtual
 - o Blogue de biblioteca
 - o Redes sociais
 - o Cámara fotográfica

Segunda parte do proxecto:

Fontes:

- Orais: familias, responsables do Museo do mar, redeiras.
- Bibliografía:
 - o Pittau & Gervais. Océanos. SM.
 - o Eric Carle. Una casa para el cangrejo ermitaño. Kókinos.
 - o David Wiesner. Flotante. Océano. Travesía.
 - o Suzy Lee. La ola. Barbara Fiore Editora.
- Musicais:
 - o Palavra cantada. O Caranguexo, cravo e rosa.
 - o Carlos Núñez. Capitán Nemo. Mayo longo.
 - o Camile Saint-Saëns. El carnaval de los animales. Acuario .

<https://www.youtube.com/watch?v=a4ImvXYRfa4>

- Aplicación para tabletas e teléfonos de realidade aumentada:
 - o Home-Quiver 3D Augmented Reality coloring apps <http://www.quivervision.com/>
 - o Quiver- 3D Coloring App- Aplicaciones Android en Google Play
- <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.puteko.colarmix&hl=es> 419

Recursos:

- Espazos: aulas ordinarias, biblioteca, aula de informática, Museo do mar, local de traballo das redeiras, areal da Magdalena, peirao de Cedeira, Gran Café Bar Pinzón...
- Humanos: familias, responsables do Museo do mar, patrón e mariñeiros do “Fresán”, redeiras.
- Materiais:
 - o Cámaras de fotografía e vídeo
 - o Materiais funxible
- Informáticos e dixitais: movie maker, iMovie, resize, blogues de biblioteca e aula

G- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO.

Ningunha das dúas partes do proxecto que se presentan poderían ter sido realizadas sen a implicación de toda a comunidade educativa e aínda máis de distintos axentes sociais (Asociación “Mares de Cedeira. Museo”, APADER, Concello, redeiras, mariñeiros, Oficina de Turismo, establecementos comerciais, restauración, servizos de prensa e radio...) que puxeron a súa parte neste traballo.

H- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

- Invitación a visitar a exposición fotográfica que permaneceu aberta ao público do 23 de decembro de 2016 ao 14 de febreiro de 2017.
- BLOGUE BIBLIOTECA
 - o <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/678>
 - o <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/774>
- FACEBOOK
 - o <https://www.facebook.com/colecedeira/>
- BLOGUE 2º EP
 - o <http://vagalumes.net/2017/04/01/as-profesions-de-antes-e-da-agora-marisa-a-redeira/>

- <http://vagalumes.net/2017/03/13/as-profesions-de-antes-e-de-agora-eduardo-do-mimo/>
- MUSEO
 - FACEBOOK
<https://www.facebook.com/search/top/?q=mares%20de%20cedeira%20museo>
 - TWITTER #Salseiroderecordos
- NOVAS DE CEDEIRA
 - <https://novascedeira.wordpress.com/2016/12/23/exposicion-salseiro-de-recordos-no-museo-do-mar-de-cedeira/>
- LA VOZ DE GALICIA
 - http://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/cedeira/2016/12/28/cedeira-recupera-memoria-grafica/0003_201612F28C8991.htm
 - http://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/cedeira/2017/01/13/museo-mares-cedeira-amplia-mes-muestra-span-langgl-salseiro-recordosspan/0003_201701F13C7994.htm
- RADIO
 - <http://www.crtvg.es/rg/podcast/aqui-galicia-tarde-aqui-galicia-tarde-do-dia-29-12-2016-2585984>
- CONCELLO
 - <http://cedeira.gal/cedeira-recupera-a-sua-memoria-grafica/>
 - <http://cedeira.gal/pais-mestres-e-alumnos-do-colexio-nicolas-del-rio-recuperan-en-imaxes-a-memoria-marineira-da-vila/>
- OUTROS
 - <http://corazonesdesal.industriaspesqueras.com/2016/09/museo-de-mares-de-cedeira-el-mar-y-su.html>

I-AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

Realizarase unha valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e o exercicio da práctica docente (Orde do 9 xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia), e despois o impacto social da actividade.

A primeira actividade que se presenta ao alumnado, a do folio xiratorio, é un exemplo de traballo en equipo, no que todos os que conforman o grupo deben poñerse de acordo para chegar a un resultado final acertado; sen dúbida unha boa actividade de traballo cooperativo, que mesmo pode axudar a que os nenos e nenas cedan ante opinións dos seus compañeiros, ou completen e melloren os traballo dos seus iguais; moi ben recibida por ser unha actividade en conxunto. A outra cara desta actividade, está nos problemas que xorden a nivel de comprensión e así, moitos dos nenos e nenas non contestan ao que se pregunta; fan un bo traballo en equipo, pero incorrecto de contido, e con uns vagos coñecementos previos (non imaxinan que pode significar “Aprender a investigar”).

Por outra parte, con este proxecto de traballo os nenos e nenas tiveron a posibilidade de acceder ás fontes de transmisión oral da man de pais, nais, avós, familiares e veciños, que lles axudaron a valorar o patrimonio cultural inmaterial que moitas veces queda no esquecemento. Ao botar a andar o proxecto, coidaban que todos os traballos de investigación “os ía solucionar internet”.


Aprenderon tamén a maneira de deseñar un traballo por pasos, como é o caso da exposición de fotografía, xa que non imaxinaban como podería artellarase nun primeiro momento.

Por todo isto, dende a Biblioteca escolar, e de cara ao curso que vén, propónse continuar coa materia de libre configuración “Aprender a investigar”. O alumnado empeza a ter unha base sobre a que ir construíndo o coñecemento.

Conforme vai andando o proxecto, compróbase que o alumnado non amosa a suficiente habilidade para compoñer textos que teñan un discorrer coherente e con significado. Crean textos baleiros de contido, e con moitos erros gramaticais, de léxico e de sintaxe. Coméntase isto nas sesións de avaliación do alumnado de cuarto e de sexto curso de educación primaria. O Equipo de biblioteca toma a decisión de continuar o vindeiro curso con actividades nas que se preste especial atención á linguas diferentes apartados: escrita, oral e á lectura comprensiva, xa que constitúen estes puntos a base de calquera aprendizaxe.

Un último aparte é o que se refire ao manexo dos procesadores de textos. Ao longo do curso o Equipo de biblioteca participou en sesións de docencia como parte da formación específica dun seminario. É por isto que se toma a decisión de incluír no PFPP de cara ao vindeiro curso formación dirixida á mellora da competencia dixital do profesorado, como aparece reflectido nas liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar para o curso 2017/2018.

A modo de resumo preséntanse dúas imaxes que dan conta do impacto social da actividade:



Cedeira, 10 de xullo de 2017

*“Neste salseirazo de alustres, que azouta a faciana do esquezo,
está a acordanza de ser quen fumos, a certidume de ser quen
somos e a incertia de quen seremos”*